



## (\*)Facultade de Filoloxía e Tradución

(\*)

(\*)

Horarios

### Horarios

(\*)

[http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com\\_rokdownloads&view=folder&Itemid=74](http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74)

## Grado en Ciencias del Lenguaje y Estudios Literarios

### Subjects

#### Year 4th

Code	Name	Quadmester	Total Cr.
V01G400V01905	Syntax of the Galician language II	1st	6
V01G400V01906	Internal history of the Galician language	1st	6
V01G400V01907	Variation and external history of the Galician language	2nd	9
V01G400V01915	Pragmatics and discourse	1st	6
V01G400V01916	Semantics and lexicon	1st	6
V01G400V01917	Grammar of the Spanish language	2nd	9
V01G400V01925	Analysis of the main works of the Galician literature since 1975 -I	1st	6
V01G400V01926	Gender and literature: Galicia and the Portuguese-speaking countries	1st	6
V01G400V01927	Analysis of the main works of the Galician literature since 1975-II	2nd	9
V01G400V01935	Spanish literature of the 20th and 21st Centuries	1st	6
V01G400V01936	Hispanic literature I	1st	6
V01G400V01937	Hispanic literature II	2nd	9
V01G400V01945	The use of technology in teaching-learning languages	1st	6

V01G400V01946	Migratory processes and the teaching of languages	1st	6
V01G400V01947	Bilingualism and bilingual education	2nd	9
V01G400V01965	Textual practices: poetry	1st	6
V01G400V01966	Textual practices: new formats	1st	6
V01G400V01967	Textual practices: essay	2nd	9
V01G400V01985	Portuguese studies III	1st	6
V01G400V01986	Portuguese studies IV	1st	6
V01G400V01987	Seminar in literature and culture of Portuguese-speaking countries	2nd	9
V01G400V01991	Final Year Dissertation	2nd	6

**IDENTIFYING DATA****Sintaxe da lingua galega II**

Subject	Sintaxe da lingua galega II			
Code	V01G400V01905			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Galego			
Department				
Coordinator	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Lecturers	Rodríguez Guerra, Alexandre			
E-mail	xandre@uvigo.gal			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
General description	Aproximación ós esquemas coordinativos con 'e' en galego, ós marcadores discursivos e ás relacións sintácticas interoracionais en galego tendo en conta os enunciados e os parágrafos que constitúen.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Code	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

**Resultados previstos na materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
- Saber describir en termos sintácticos un feito lingüístico en galego.	A1	B1	C1	D1
- Saber analizar sintácticamente enunciados en galego dun modo argumentado.	A5	B7	C2	D2
- Saber interpretar os elementos que modifican a gramaticalidade de enunciados en galego.		B8	C5	D3
- Saber usar e explicar construcións sintácticas diferenciais do galego.			C8	D6
				D8
				D9
				D10
				D11
				D12

**Contidos**

Topic	
1. As construcións coordinadas en galego	1.1. A conxunción copulativa "e"
2. Entre a gramática e o discurso	2.1. Parataxe e hipotaxe oracionais. Conxuncións e locucións conxuntivas galegas
	2.2. Análise dos tipos de relación e da complexidade estrutural

### 3. Marcadores discursivos en galego

#### 3.1. Definición e características

#### 3.2. Tipoloxías

#### 3.3. Algúns marcadores discursivos en galego

#### 3.4. A lexicografía galega e os marcadores discursivos

### Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Traballo tutelado	12	40	52
Resolución de problemas	16	14	30
Lección maxistral	16	10	26
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	37	39
Observación sistemática	0	1	1

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Traballo tutelado	<p>Cada estudante elaborará individualmente un traballo sobre sintaxe oracional, seguindo as indicacións do profesor (ARG).</p> <p>Todo o estudantado (presencial e SEMIPRESENCIAL) entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva do traballo á plataforma Moovi (incluíranse todos os ficheiros empregados na elaboración, tamén BD, corpus e diapositivas da presentación se as houber).</p> <p>Dedicaranse aulas presenciais a explicar a metodoloxía do traballo e ó longo do curso farase un seguimento a través das titorías. É moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir a algunha destas sesións de aula (se alguén non puidese ir a ningunha, deberá fixar unha titoría co docente -ARG-).</p>
Resolución de problemas	<p>Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral.</p> <p>O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, en función da natureza do exercicio, devolveranse corrixidas, fornecerase un solucionario de autocomprobación ou fixarase unha titoría para explicalas.</p>
Lección maxistral	<p>Nela expóranse os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día.</p> <p>O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, preferentemente, ficheiros en formato pdf.</p>
Actividades introdutorias	<p>Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso.</p> <p>O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión.</p>

### Atención personalizada

Methodologies	Description
Traballo tutelado	<p>Alén das indicacións precisas que se proporcionarán no inicio do curso para desenvolver o traballo, atenderanse nas titorías todas as consultas individuais relacionadas coa súa elaboración. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración do traballo a través da plataforma Moovi, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría. Se a cantidade de estudantado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.</p>

### Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Traballo tutelado	<p>O traballo, individual, é obrigatorio tanto para o estudantado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data oficial do exame (en cada unha das dúas edicións das actas). Poderase realizar unha pequena presentación (aínda que non estea concluído), seguindo as indicacións que se proporcionen.</p>	35	<p>A1 B1 C1 D1 A5 B7 C2 D2 C5 D6 D8 D9 D10 D12</p>

Resolución de problemas	Durante o cuadrimestre especificaranse as actividades prácticas que serán avaliábeis. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites temporais que se indiquen.  Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 30% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliábeis a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do/a docente).	25	A5 B1 C1 D1 B7 C2 D2 B8 C5 D6 D8 D10 D11 D12
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia.	35	A1 B1 C1 D1 A5 B7 C2 D2 C5 D3 C8 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Observación sistemática	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas maxistras.  Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas".	5	B1 C1 D1 C2 D2 D3

### Other comments on the Evaluation

Por defecto, enténdese que o estudantado opta por un sistema de avaliación continua; se así non for, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única permitida pola Universidade de Vigo.

**-Avaliación continua** (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o estudantado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar independentemente traballo, exame escrito e prácticas avaliábeis. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) poderanse recuperar na segunda edición das actas (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún/ha estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que propondrá outras accións compensatorias.

**-Avaliación única** (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [40%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais de dous traballos (seguindo as indicacións que se fornezan) [20%-40%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. É obrigatoria a presentación oral dos traballos (fixarase a data da exposición). Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Basic Bibliography

Álvarez, R., "Os nexos e a sintaxe", Univ. de Santiago de Compostela, 1992

Álvarez, R. e X. Xove, **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira, **Gramática galega**, 2, Galaxia, 1995

Cidrás, Francisco e Francisco Dubert-García, **A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego**, 2017

Freixeiro Mato, X. R., **Gramática da lingua galega**, 2, A Nosa Terra, 2002-2006

Freixeiro Mato, X. R., **Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito**, 2016

Rodríguez Guerra, A., "Os dicionarios galegos e os marcadores discursivos operadores e de control de contacto", 2018

---

#### **Complementary Bibliography**

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, **Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas. Aconséllase a consulta directa, a través da biblioteca, das fontes bibliográficas.**

---

---

#### **Recomendacións**

---

---

#### **Other comments**

Recoméndase ter cursado previamente Sintaxe da lingua galega I.

---

**IDENTIFYING DATA****Historia interna da lingua galega**

Subject	Historia interna da lingua galega			
Code	V01G400V01906			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Galego			
Department				
Coordinator	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Lecturers	Rodríguez Guerra, Alexandre			
E-mail	xandre@uvigo.gal			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
General description	Percorrido sistemático polos principais cambios lingüísticos (fonético-fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) que levaron do latín ó galego.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Code	
A1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.

**Resultados previstos na materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Coñecemento dos principais cambios lingüísticos (fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos) que caracterizaron a lingua galega ao longo dos séculos.	A1	B1	C2	D1
	A2	B2	C5	D2
	A5	B2	C12	D3
		B7		D6
		B9		D8
		B11		
		B12		
		B13		
		B15		
		B16		
		B25		
		B26		

**Contidos**

Topic
-------

1. Principais cambios fonético-fonolóxicos no paso do latín ó galego	1.1. Introducción 1.2. O sistema vocálico 1.3. O sistema consonántico
2. Principais cambios morfolóxicos do latín ó galego	2.1. Formas léxicas (eido nominal e verbal) 2.2. Formas gramaticais
3. Da sintaxe latina á galega	3.1. Orde de constituíntes funcionais 3.2. Esquemas e funcións sintácticas oracionais
4. O léxico	4.1. Historia do léxico galego 4.2. A formación de palabras no galego medieval

### Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	22	10	32
Resolución de problemas	18	10	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	45	48
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	37	39
Observación sistemática	1	0	1

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma xeral da materia.  O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralle chegar o cronograma xeral da materia.
Lección maxistral	Nestas aulas o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase vivamente levar os contidos da materia ó día.  O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, fundamentalmente, ficheiros en formato pdf, alén da consulta directa das fontes bibliográficas recomendadas.
Resolución de problemas	Actividades en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral. Nalgunha ocasión pódense entregar anticipadamente para que os/as estudantes os poidan preparar con certo adianto e, mesmo, para que poidan realizar unha pequena exposición na aula. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi das prácticas/problemas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraas corrixidos, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalos.

### Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas	Alén das indicacións do comezo do curso, ó longo das semanas atenderanse as consultas individuais que haxa sobre a elaboración dalgunhas prácticas concretas. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas a través da plataforma Moovi, do correo electrónico ou nalgunha titoría. Se a cantidade de estudantes semipresenciais así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

### Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Resolución de problemas	Ó longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas e de resolución de problemas que serán avaliábeis (tamén algunha presentación). É preciso que se respecten os prazos de entrega.  Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 25% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliábeis a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	20	A1 B1 C2 D1 A2 B7 C5 D2 A5 C12 D3 D6 D8



Resolución de problemas e/ou exercicios	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará cando menos dúas probas escritas sobre fonética/fonoloxía -sempre presenciais na FFT- segundo se vaian desenvolvendo ó longo do curso os contidos teórico-prácticos.	40	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C5 D2 A5 B7 C12 D3 B9 D6 D8
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará un exame escrito -sempre presencial- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia non avaliados ó longo do cuadrimestre na(s) proba(s) de resolución de problemas e exercicios (na mesma data para todo o estudantado de avaliación continua). Se a marcha do curso o aconsellase, poderíase adiantar durante o cuadrimestre algún(s) exame(s) parcia(l)is).	35	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C5 D2 A5 B7 C12 D3 B9 D6 D8
Observación sistemática	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas prácticas e mais nas aulas maxistras.	5	B1 C2 D1 D2 D3
Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas".			

### Other comments on the Evaluation

Por defecto, enténdese que o estudantado opta por un sistema de avaliación continua; se así non for, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única permitida pola Universidade de Vigo.

**-Avaliación continua** (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o estudantado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar as dúas grandes probas escritas (exame(s) e resolución de problemas/exercicios) e prácticas (ou resolución de problemas, presentacións) avaliadas. Todas as prácticas, actividades e presentacións solicitados polo docente teñen que se entregar/realizar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) deberanse recuperar na segunda edición das actas (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún/ha estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, para poder aplicar un tratamento similar ó da semipresencialidade.

**-Avaliación única** (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xuño/xullo), a través de dúas probas finais escritas de todos os contidos teóricos e prácticos da materia [40%+35%] (que se realizarán nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais dun traballo (segundo as indicacións do docente) [25%]. Cómpre superar tanto as dúas probas coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas e exames.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Basic Bibliography

- Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe. II. Lexicoloxía**, 4ª / 2ª, Laiovento, 1999 / 2001
- González Seoane, E. (dir.) et alii, **Diccionario de diccionarios do galego medieval**, Univ. de Santiago de Compostela, 2006
- Larson, Pär, **A lingua das cantigas: gramática do galego-portugués**, Galaxia, 2019
- Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999
- Mariño Paz, R., **Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega**, Xerais, 2017
- Mariño Paz, R., **Historical Phonetics and Phonology**, De Gruyter, (No prelo)
- Mariño Paz, R. e X. Varela Barreiro (eds.), **Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais**, Universidade de Santiago de Compostela, 2015
- Mattos e Silva, R. V., **O portugués arcaico: uma aproximação. Vol. I (léxico e morfologia) e Vol. II (sintaxe e fonologia)**, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2008
- Varela Barreiro, X. e R. Pichel, **Panorama actual da lingüística histórica galega**, 2017
- Venâncio, F., **Así naceu unha lingua. Sobre as orixes do portugués**, Galaxia, 2021

### Complementary Bibliography

---

Corominas, J. e J. A. Pascual, **Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico**, Gredos, 1980-1991

---

García de Diego, V., **Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)**, Reed. facsimilar, Univ. de Santiago de Compostela, 1984 [1909]

---

García Gondar, F. (dir., deseño e creación), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

---

López Viñas, X., **A formación de palabras no galego medieval: a afixación**, Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, 2012

---

Pinkster, H., **The Oxford Latin Syntax. Vol. I (The Simple Clause) e Vol. II (The Complex Sentence and Discourse)**, Oxford University Press, 2015 e 2021

---

Rodríguez Guerra, A. (ed.), **Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico**, Universidade de Vigo, 2016

---

Rodríguez Guerra, A. e X. B. Arias Freixedo (eds.), **The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval**, John Benjamins Publishing Company, 2018

---

**Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas. Aconséllase a consulta directa, a través da biblioteca, das fontes bibliográficas.**

---

### Recomendacións

---

**IDENTIFYING DATA****Variación e historia externa da lingua galega**

Subject	Variación e historia externa da lingua galega			
Code	V01G400V01907			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	9	Optional	4	2c
Teaching language	Galego			
Department				
Coordinator	Costas González, Xosé Henrique			
Lecturers	Costas González, Xosé Henrique			
E-mail	xcostas@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
General description	Aproximación á historia externa e mais do léxico da lingua galega, así como á súa variación sociolectal e, sobre todo, diatópica.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Code				
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.			
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.			
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.			
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.			
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.			
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.			
C12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.			
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.			
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica			
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.			
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)			
D6	Capacidade de xestionar a información.			
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.			
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.			
D10	Capacidade de análise e síntese.			
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.			
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.			

**Resultados previstos na materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results
------------------------------------	-------------------------------

- Coñecer as variedades xeográficas do galego e recoñecer a súa validez oral.	A1	B1	C2	D1
- Saber interpretar a variedade culta á luz da última historia externa do galego: dificultades de implantación, identificación, interferencias etc.	A2	B2	C12	D2
	A5	B6	C15	D3
		B7		D6
		B9		D8
- Coñecemento do galego culto vs. galegos populares, dialectais (galego urbano vs. galegos rurais).				D9
				D10
				D11
				D12

## Contidos

Topic	
1. A variación diatópica	1.1. Historia dos estudos dialectais galegos 1.2. ALGa, ALPi e ALBi 1.3. Bloques e áreas lingüísticas do galego 1.4. O galego exterior
2. Historia social da lingua galega no XX	2.1. O proceso normalizador desde 1970 2.2. O proceso normativizador desde 1970 2.3. Normalización, dinamización, revivificación.
3. As variedades diafásicas e diastráticas	3.1.- A variación diafásica. Tipoloxía. 3-2- A variación diastrática. Tipoloxía.

## Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introductorias	2	0	2
Traballo tutelado	24	71	95
Resolución de problemas	16	12	28
Lección maxistral	26	10	36
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	60	64

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

## Metodoloxía docente

	Description
Actividades introductorias	O primeiro día de aulas realizarase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma da materia.  O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma da materia.  O ALUMNADO NON PRESENCIAL poderá seguir as aulas por vídeos e titorías a través dos medios telemáticos dispostos pola UVigo.
Traballo tutelado	Cada discente elaborará individualmente dous traballos escritos, seguindo as indicacións do profesor, sobre os puntos 3. e 5. do temario.  Todo o alumnado entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva dos traballos á plataforma Faitic.  Dedicaranse aulas presenciais a explicar a metodoloxía destes traballos. Ó longo do curso farase, tamén na aula, un seguimento deles.  É moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir a algunha destas sesións de aula - fixaranse ó longo do curso- (se alguén non puider ir a ningunha, deberá acordar unha titoría co docente).  O ALUMNADO NON PRESENCIAL recibirá titorías e sesións virtuais seguindo as canles establecidas pola UVigo.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral.  O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL disporá na plataforma Faitic das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraaas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.

Lección maxistral	Nestas sesións, o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día.  O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL disporá na plataforma Faitic dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).
-------------------	---

### Atención personalizada

#### Methodologies Description

Traballo tutelado	Alén das indicacións precisas que se proporcionarán nalgunha aula específica para poder desenvolver os traballos, ó longo do curso non só se atenderán na aula todas as consultas individuais, senón que se realizará nela abundante práctica. Por suposto, nas horas de titoría tamén se resolverán todas as consultas relacionadas coa súa elaboración. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración dos traballos a través da plataforma Faitic, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría presencial ou virtual. Se a cantidade de alumnado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.
-------------------	---

### Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Traballo tutelado	Os traballos, individuais, son obrigatorios tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data do exame (en cada unha das dúas edicións das actas). A proporción do seu valor será 20%-30%, respectivamente.  Un 7% da cualificación correspóndelle á exposición oral dos traballos na aula. Tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL a distribución será 3%-4% para cada un dos traballos, respectivamente.  As exposicións durarán aproximadamente, tanto para o alumnado presencial coma SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL, 7 e 10 minutos, respectivamente. Nestas exposicións non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituír a simple lectura deste material. As exposicións poderan ser virtuais, enviándose no formato que o alumnado desexe.	50	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C12 D2 A5 B6 C15 D3 B7 D6 B9 D8 D9 D10 D11 D12
Resolución de problemas	Ao longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas que serán avaliábeis. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites que se poñan.  Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 17% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliábeis a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	12	A1 B1 C2 D1 A2 B7 C12 D2 A5 C15 D3 D6 D8 D9 D10
Lección maxistral	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas maxistrais, que se poderán seguir on-line para o alumnado semipresencial e non presencial.  Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".	5	A1 B2 C2 D3 B7 C12 D6 C15 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado que opte pola avaliación continua realizará unha proba escrita -presencial ou virtual- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Se as circunstancias así o aconsellaren, poderase realizar un exame parcial previo, liberador de materia (na mesma data para todo o alumnado de avaliación continua).	33	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C12 D2 A5 B6 C15 D3 B7 D6 B9 D8 D9 D10 D11 D12

### Other comments on the Evaluation

Todo o alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

**-Avaliación continua** (para quen (a) asista regularmente ás aulas, de maneira presencial ou telemática, e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o alumnado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL -): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballos, exame escrito e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na segunda edición das actas (xullo), na data fixada pola FFT, aquelas probas que non superasen na primeira edición das actas (maio). Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que poderá propoñer outras actividades compensatorias.

**-Avaliación única** (para o alumnado que opte por ela ou para quen non cumpra cos requisitos para a avaliación continua, ou renuncie a ela): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (maio e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [40%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais de dous traballos (segundo as indicacións do docente) [25%-35%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico ou por medios informáticos (titoría virtual, skype etc.) serán atendidas no horario de titorías.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Basic Bibliography**

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Dialectoloxía e léxico**, ILG/CCG, 2002

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Lingua e territorio**, ILG/CCG, 2006

Costas González, X.-H., **O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)**, Xerais, 2013

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da lingua galega**, 3ª, Xerais, 2003

Fernández Rei, F.; Álvarez Blanco, R.; González González, M.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X., **Atlas Lingüístico Galego**, ILG/FBdLM, 1990-2016

Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía**, 2ª, Laiovento, 2001

Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999

Monteagudo Romero, H., **Historia social da lingua galega: Idioma, sociedade e cultura a través do tempo**, Galaxia, 1999

Rodríguez Guerra, A. (ed.), **Lingüística histórica e dialectoloxía: Coordenadas do cambio lingüístico**, Univ. de Vigo, 2016

Sánchez Rei, X. M., **Lingua galega e variación dialectal**, Laiovento, 2011

### **Complementary Bibliography**

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

**Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas,**

---

## **Recomendacións**

### **Subjects that it is recommended to have taken before**

Historia interna da lingua galega/V01G400V01906

**IDENTIFYING DATA****Pragmática e discurso**

Subject	Pragmática e discurso			
Code	V01G400V01915			
Study programme	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Optional	4	1c
Teaching language	Castelán			
Department				
Coordinator	Rodríguez Barcia, Susana			
Lecturers	Rodríguez Barcia, Susana			
E-mail	susanarbarcia@gmail.com			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
General description	A materia aborda o estudo da linguaxe en acción, das prácticas lingüísticas contextualizadas, tanto no que se refire ao acto de enunciación, as condicións materiais de produción como á súa interpretación. Analízanse os procesos de lexitimación discursiva das ideoloxías dominantes. Ofrécese ademais un percorrido polas principais achegas da pragmática e profúndase na perspectiva crítica da análise do discurso.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Code	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B10	Integrar coñecementos e poder desenvolver un proceso de comunicación sólido a partir dunha información que, aínda que sexa incompleta, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas ao proceso comunicativo.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

**Resultados previstos na materia**

Expected results from this subject	Training and Learning Results
------------------------------------	-------------------------------

Descubrir os mecanismos e os procesos de elaboración e interpretación dos enunciados

A1 B1 C1 D1  
 A2 B2 C2 D2  
 A5 B7 C5 D3  
 B8 C8 D6  
 B10 C9 D8  
 D9  
 D10  
 D11  
 D12

### Contidos

Topic	
1. A linguaxe en acción	1.1. Pragmática e discurso. Concepción tradicional e novas perspectivas 1.2. A pragmática e o discurso como parte dos estudos lingüísticos. 1.3. Compoñentes da pragmática
2. Principais achegas da pragmática	2.1. A teoría dos actos de fala 2.2. O principio de cooperación 2.3. As implicaturas conversacionais 2.4. A teoría da relevancia 2.5. A cortesía 2.6. Ciberpragmática
3. O discurso	3.1. Discurso oral e discurso escrito 3.2. A textura discursiva: Coherencia e cohesión 3.3. As funcións da linguaxe e a tipoloxía discursiva 3.4. As persoas do discurso 3.5. A modalización
4. A pragmática e a AD tamén se escriben con A	4.1. Investigadoras en pragmática e análise do discurso 4.2. A perspectiva de xénero na investigación lingüística en pragmática e discurso
5. A Análise Crítica do Discurso	5.1. ¿Que é a ACD? 5.2. Ideoloxía, discurso e sociedade 5.3. Estratexias discursivas de control 5.4. Unha metodoloxía heteroxénea

### Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	24	24	48
Estudo previo	4	20	24
Resolución de problemas	8	24	32
Debate	8	4	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	30	34

\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

### Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo previo	Búsqueda, lectura e traballo de documentación, previo ás clases, que realiza o alumnado de forma autónoma.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Debate	Charla aberta entre o grupo de estudantes. Céntrase nunha lectura seleccionada pola docente. O alumnado debe facer unha reflexión crítica e preparar cinco cuestións para o debate a partir do artigo seleccionado.

### Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que se vaia desenvolver.
Estudo previo	Trátase dunha actividade autónoma na que o alumnado debe procurar información e documentarse para así adquirir a competencia de manexo de bibliografía. O profesorado explicará os recursos que poden empregar para facer esta labor de documentación.



Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. O debate gardará relación cunha lectura escollida pola docente sobre a que o alumnado realizará un resumo e un comentario crítico. Cada persoa propondrá cinco cuestións para debater a partir da lectura.
<b>Tests</b>	<b>Description</b>
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias que inclúen preguntas abertas sobre un tema. O alumnado debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos adquiridos nunha resposta extensa.

## Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results			
Resolución de problemas	Nas sesións de prácticas formularanse exercicios que serán resoltos e avaliados na aula.	30	A1 A2	B1 B7 B10	C1 C2 C5 C8 C9	D1 D3 D6 D8 D10 D12
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. O debate gardará relación cunha lectura escollida pola docente sobre a que o alumnado realizará un resumo e un comentario crítico. Cada persoa propondrá cinco cuestións para debater a partir da lectura.	30	A1 A2	B8	C8	D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado terá que superar unha proba na que ha desenvolver de forma ampla o contido do temario.	40	A1 A2 A5	B1 B2	C1 C2 C5 C9	D2 D3 D6 D8 D10 D12

## Other comments on the Evaluation

### 1ª EDICIÓN DE ACTAS (DECEMBRO 2023-XANEIRO 2024)

#### Avaliación continua

É obrigatorio realizar e entregar no prazo establecido as probas marcadas na avaliación. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán. A data de celebración do exame coincidirá co día fixado no Calendario de exames establecido pola facultade e publicado na web da FFT. A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso (resolución de problemas na aula e debates). Para superar a materia será necesario obter como mínimo un 4,75 (sobre 10) en total.

#### Avaliación única

Neste caso, a avaliación realízase mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.

Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, na data fixada no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Moovi e que acorde titorías regulares coa docente.

### 2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2024)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas das probas de avaliación continua.

Para o alumnado de avaliación continua, no caso de que tras a avaliación conxunta sexan necesarios ata 0,25 puntos para superar a materia, terase en conta a asistencia e participación regular e activa na clase.

O estudiantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame coma no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. **Alumnado semipresencial**

